IV ENCONTROS_ORIENTACIÓN

Dúbidas razoables sobre o traballo en Orientación.

Magdalena Duarte Blanco
Manuel Guerra Fernández

Inspección educativa

26 de febreiro de 2015, A Coruña

ESQUEMA-GUIÓN

1. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA LOMCE.**
2. **ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.**
3. **CONSELLO ORIENTADOR NA ESO.**
4. **AVALIACIÓNS.**
5. **FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA.**
6. **INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS.**
7. **PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DOS ORIENTADORES EN MATERIA DE CONVIVENCIA.**

2

1.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ESO E BACHARELATO (RD 1105/2014)

Principais medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade na ESO e Bacharelato:

- Medidas de reforzo educativo e ACS.
- Integración de materias en ámbitos.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio en grupos ordinarios.
- Desdobramentos de grupos.
- Oferta de materias específicas.
- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento.
- Programas de tratamento personalizado para o alumnado con NEAE.
- Permanencia dun ano máis nun curso.
- Alumnado de incorporación tardía.
- Opcións en 4º da ESO: ensinanzas académicas e ensinanzas aplicadas.
- Modalidades de bacharelato: Humanidades e CC. Sociais, Ciencias e Artes.

3

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ESO E BACHARELATO (RD 1105/2014)

INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS (Art. 17 do RD 1105/2014):

- Finalidade: facilitar o tránsito entre EP e 1º da ESO.
- As Administracións educativas e, no seu caso os centros educativos, poderán agrupar as materias de 1º da ESO en ámbitos de coñecemento.
- Estas agrupacións deberán respectar os contidos, estándares de aprendizaxe avaliables e criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas.
- Terá efectos na organización das ensinanzas, pero non así nas decisión asociadas á avaliación e promoción.

4

PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (Art. 19 do RD 1105/2014)

- Desenvolveranse a partir de 2º da ESO.
- Dirixidos, preferentemente, a alumnado:
  - Que presente dificultades relevantes de aprendizaxe non imputable a falta de estudo ou esforzo.
  - Que xa repetira, polo menos, un curso en calquera etapa:
    - que unha vez cursado 1º da ESO, non estea en condicións de promocionar a 2º. Neste caso a duración do programa será de 2 cursos.
    - Que unha vez cursado 2º non estea en condicións de promocionar a 3º. Neste caso a duración do programa será de 1 curso académico.
    - Excepcionalmente poderá incorporarse a un programa de 1 curso o alumnado que, tendo cursado 3º da ESO, non estea en condicións de promocionar a 4º.
- A incorporación require a avaliación tanto académica como psicopedagóxica e a intervención da Administración educativa nos termos que se estableza, e realizarase unha vez oído o propio alumnado e os seus pais, nais ou titores legais.
- **En relación cos PDC**, de conformidade coa vixente normativa de implantación LOMCE, se no curso 2015-16 se implantan 1º e 3º de ESO e no curso 2016-17 os cursos 2º e 4º de ESO, entón, no curso 2015-16 xa non se poderá ofertar PDC de 2 cursos, porque non terían opción de cursar o 2º ano.

5

PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (Art. 19 do RD 1105/2014)

- **Os programas poderán organizarse:**
  - De forma integrada: O alumnado cursará as materias co grupo ordinario, se ben terá unha proposta curricular específica, na que os contidos poderán agruparse por ámbitos de coñecemento, por proxectos interdisciplinares ou por áreas de coñecemento e que requirirán, en todo caso, dunha orientación metodolóxica adaptada.
  - Por materias diferentes ás establecidas con carácter xeral. Poderanse establecer, polo menos, 3 ámbitos específicos:
    - Ámbito de carácter lingüístico e social: incluirá, a lo menos, as materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e xeografía e historia.
    - Ámbito de carácter científico e matemático: incluirá, polo menos, as materias troncais de bioloxía e xeoloxía, física e química e matemáticas.
    - Ámbito de linguas estranxeiras.
    - Nesta modalidade, crearanse grupos específicos para o alumnado que siga estes programas, e terá, ademais, un grupo de referencia co que cursará as materias non pertencentes ao bloque de asignaturas troncais.

6

PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (Art. 19 do RD 1105/2014)

- Utilizarase metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias, diferente á establecida con carácter xeral, coa finalidade de que o alumnado poida cursar o 4º curso pola vía ordinaria e obter o título de graduado en ESO.
- Potenciarase a acción titorial como recurso educativo que poida contribuír dunha maneira especial a subsanar as dificultades de aprendizaxe e a atender as necesidades educativas do alumnado.
- A avaliación terá como referencia fundamental as competencias e os obxectivos da ESO, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.
- A implantación destes programas está prevista a partir do curso 2016-2017.

7

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA: LEXISLACIÓN A TER EN CONTA EN EP E ESO (1/3)

O artigo 78 da LOMCE dispón:

1.-Corresponde ás Administracións públicas favorecer a incorporación ao sistema educativo dos alumnos que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía ao sistema educativo español. Dita incorporación garantirase, en todo caso, na idade de escolarización obrigatoria.

2.-As Administracións educativas garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de forma tardía ao sistema educativo español se realice atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico, de modo que se poida incorporar ao curso máis adecuado ás súas características e coñecementos previos, cos apoios oportunos, e desta forma continuar con aproveitamento a súa educación.

Orde do 12 de marzo de 2013, (DOG do 15 de marzo). Art. 44. Escolarización de alumnado por traslado de domicilio ou por incorporación ao sistema educativo.

Nos supostos de escolarización de alumnado xa iniciado o curso escolar, por traslado do domicilio da unidade familiar que implique cambio de localidade, ou por incorporación ao sistema educativo, previstos no art. 12 do Decreto 254/2012, a persoa titular da xefatura territorial poderá autorizar un incremento de ata o dez por cento do número máximo de alumnas e alumnos por unidade nos centros públicos e privados concertados dunha mesma área de influencia, para atender as necesidades que se produzan.

8

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA: LEXISLACIÓN A TER EN CONTA EN EP E ESO (2/3)

Decreto 130/2007 (currículo de EP LOE):

Art. 15.3. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países ou por calquera outro motivo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico. [...] Os alumnos que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles correspondería por idade.

Decreto 105/2014 (currículo de EP LOMCE):

Art. 16.9. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o art. 78 da LOE, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporarase ao curso correspondente á súa idade.

9

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA: LEXISLACIÓN A TER EN CONTA EN EP E ESO (3/3)

Decreto 133/2007 (currículo de ESO LOE):

Art. 13.5. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico. [...] Os que presenten un desfase do seu nivel de competencia curricular de dous ou máis anos, poderán ser escolarizados **nun ou en dous cursos inferiores** ao que lles correspondería por idade, sempre que a dita escolarización lles permita completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral...

Orde do 20 de febreiro de 2004, de medidas para a atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro:

DA única punto 3: "**En ningún caso se producirá a incorporación do alumno nun curso inferior** aos dous anteriores ao que lle correspondería por idade...".

RD 1105/2014 (currículo da ESO e de Bacharelato):

Art. 18. Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo (referido á ESO):

A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo ao que se refire o art. 78 da LOE, realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico; cando presente graves carencias en castelán ou na lingua cooficial correspondente recibirá unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados **no curso inferior ao que lle correspondería por idade**. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. No caso de superar dito desfase, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade.

10

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA: PROCEDEMENTO A SEGUIR …

Escolarización en EP e ESO:

- O alumnado de EP e ESO poderá escolarizarse ao longo de todo o curso. A dita escolarización debe realizarse a través da comisión de escolarización ou da inspección educativa, como escolarización extraordinaria.
- Unha vez escolarizado o alumno ou alumna de incorporación tardía hai que realizarlle unha avaliación inicial para valorar o curso no que se debe escolarizar de acordo coa normativa vixente.

Admisión en ensinanzas post-obrigatorias:

- Requírese con carácter previo ter solicitada a homologación/validación ou estar en posesión da correspondente credencial de homologación/validación.
- A escolarización non se realiza unha vez iniciado o curso escolar.
- A admisión pode realizarse a través do centro educativo (prazos ordinarios de admisión), ou a través da comisión de escolarización ou inspección educativa (bacharelato) ou da dirección xeral competente (FP).

11

RESUMO DO PROCEDEMENTO A SEGUIR E OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NO PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN TARDÍA EN EP E ESO.

Unha vez feita a resolución de escolarización, o procedemento comeza, pola realización dunha avaliación inicial e en paralelo:

- Reunión do equipo docente, coa participación e asesoramento da XDO, na que presidida por xefatura de estudos/dirección e por proposta da persoa titora, se analiza, valora, e propón que a dita escolarización sexa nun curso inferior ao que lle corresponde por idade no caso de EP.
- Informar aos pais ou persoa que exerce a titoría legal do alumno/a das medidas a adoptar e mesmo obtendo o seu consentimento expreso para escolarizalo nun nivel inferior (se non hai consentimento, aceptación expresa, non se pode levar a cabo), a decisión final lle corresponde en todo caso á dirección do centro.
- Finalmente, a dirección do centro autoriza a dita escolarización no nivel proposto, ou en caso contrario, o dito alumno/a permanece escolarizado/a no nivel que lle corresponde por idade.

No caso de **ESO** hai que ter en conta a correspondente avaliación inicial e pola súa vez, que tamén se escolariza por idade, se ben pode dispoñerse de información sobre equivalencia de estudos xa realizados no estranxeiro, pero só a título informativo, xa que desde a Consellería non se emite certificación ou resolución algunha aos efectos académicos (so no caso de alumnado que ten máis de 16 anos que precisa unha certificación a efectos laborais).

12

ASPECTOS A TER EN CONTA EN ENSINANZAS POSTOBRIGATORIAS (BACHARELATO, FP, ETC):

- Para escolarización en ensinanzas postobrigatorias é preciso con carácter previo solicitar a homologación/validación dos estudos cursados no país estranxeiro respectivo.
- Ao presentar a solicitude de homologación/validación o alumno/a recibe un "volante" selado polo organismo no que presente a solicitude.
  - Dito "volante" permite, de forma provisional, a matrícula nalgunha das ensinanzas ás que teña acceso por titulación. A matrícula ten carácter condicional e non terá efecto definitivo ata que a persoa solicitante reciba a credencial coa homologación/validación correspondente. En caso de que a resolución sexa desfavorable, quedará sen efecto a matrícula condicional e a persoa solicitante deberá abandonar os estudos.
- É necesario que os centros que teñan alumnado estranxeiro nestas circunstancias realicen un seguimento para non realizarlles a avaliación final sen que lles conste que teñen os estudos estranxeiros homologados/validados en España.
- A diferenza do que sucede co alumnado de educación obrigatoria, a matrícula do alumnado de Bacharelato, FP, etc. realizarase coincidindo co inicio do curso escolar.

13

2.-ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

ADAPTACIÓNS CURRICULARES EN EI (PARA A FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN).

- A Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro de 1995), sobre adaptacións curriculares, no art. 2 establece que o seu ámbito de aplicación serán os centros de Galicia que impartan ensinanzas de EI, EP e secundaria.
- O Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de EI na CA de Galicia, no art. 9 refírese á atención á diversidade, pero non fai mención expresa ás adaptacións curriculares significativas en EI.

Con carácter xeral, **en EI non se realizan ACS** propiamente ditas,

sen prexuízo de que a normativa contempla que se deben realizar propostas de ACS nos casos de flexibilización da duración do período de escolarización (anticipación do inicio da EP para o alumnado con sobredotación intelectual; ou permanencia dun ano máis en EI para o alumnado con NEE asociadas a discapacidade).

O que se fai é **unha proposta de ACS para enviar á Dirección Xeral** coa solicitude de flexibilización.

Estas propostas de ACS forman parte do expediente do/a alumno/a que se deriva á Dirección Xeral competente para a autorización da flexibilización do período de escolarización en EI.

14

ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS EN EP E NA ESO.

- A LOMCE contempla a organización da EP por cursos, polo que non se poderán realizar ACS por ciclos, senón por cursos en toda a etapa de PRIMARIA a partir do curso 2015-2016.
- Cando un alumno ou alumna supere unha ACS nalgunha área ou materia e continúe con algunha área con ACS sen superar
  - haberá que realizar unha nova ACS nas materias superadas, se procede, e revisar as ACS que seguen sen superar para valorar se continúan vixentes ou se modifican parcialmente. No caso de que a modificación da ACS das áreas non superadas sexa significativa precisarase nova autorización da inspección educativa.
- O/A alumno/a promocionará ao curso seguinte de acordo cos criterios establecidos na ACS (o alumnado debería superar todas as áreas con ACS para promocionar)

15

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO CON ACS

Na EP:

- O artigo 16.5 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón:

  "Correspóndelle á Consellería competente en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado

  Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referentes os elementos fixados nas devanditas adaptacións".
- O artigo 16 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da EP na C.A. de Galicia, refírese ao alumnado con NEE.

  No apartado 4º deste artigo regúlase que "as adaptacións curriculares deste alumnado, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das súas necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións".

16

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO CON ACS

Na ESO:

- O artigo 9.4 do Real Decreto 1105/2014 (BOE do 3-01-2015), polo que se aproba o currículo da ESO e Bacharelato, dispón que:
  - "As Administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais que as precise".
  - Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados en ditas adaptacións.
  - En calquera caso, **os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final para poder obter o título** correspondente.
- O art. 14 do Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), polo que se regulan as ensinanzas da ESO na C.A. de Galicia, refírese ao alumnado con NEE.
  - No apartado 4 deste artigo disponse que "estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións".

17

/....CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO CON ACS

/.... Na ESO:

- O artigo 17.1 do Decreto 133/2007, no que se refire ao título de graduado en ESO, dispón que o alumnado que ao terminar a ESO alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en ESO.
- No artigo 7 da Orde 21/12/2007 (DOG 7/1/2008), pola que se regula a avaliación na ESO na C. A. de Galicia, disponse:
  - 1. O alumnado que ao terminar a ESO superase todas as materias e alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en ESO.
  - 2. Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez rematadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediu alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
  - 8. As decisións de titulación do alumnado con materias non superadas requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

No art. 22 do RD 1105/2014 establécese:

- Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando teñan superadas todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan lingua castelá e literatura e matemáticas de forma simultánea.

18

RESUMO DOS ASPECTOS A TER EN CONTA NO RELATIVO AS ACS (1/2)

- No caso en que o alumno supere parte das áreas nas que ten ACS (supera a ACS das ditas áreas), procede realizar unha nova ACS actualizada e contar igualmente coa correspondente autorización da Inspección educativa.
- Nas áreas nas que a ACS non foi aínda superada continúa coa dita ACS ata que finalice a súa vixencia ou se produza algunha variación, inclusive de ter que efectuar unha modificación/ actualización reducindo o nivel, contido e esixencias da ACS anteriormente autorizada, pero que o nivel e competencia real do alumno/a non permite continuar coa ACS tal e como foi formulada /programada.
- Os criterios de promoción son os da propia ACS (é dicir, promociona se supera a ACS, conforme foi aprobada e está vixente, pero isto non implica necesariamente que supere a área ou materia no dito nivel como tal así considerado no alumnado ordinario (que non ten unha ACS).
- Os criterios de titulación no caso da ESO son os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado, no senso de acadar as competencias básicas. No caso da aínda vixente normativa LOE para a ESO, son os establecidos no artigo 7º da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO na CCAA de Galicia.(DOG do 7 de xaneiro de 2008) e tamén nos puntos 8 e 7 da Orde do 6/09/2007 pola que se desenvolve a implantación da ESO na CCAA de Galicia. (DOG do 12 de setembro)
- A LOMCE establece que para **titular o alumno/a con ACS, tamén debe superar a avaliación final da ESO.**

  Ver Sentenza_titulac alum_desde ACS 2013-0918.pdf
  Ver Resp_dúbida avaliación e titulac alum_ACS2014.pdf

19

RESUMO DOS ASPECTOS A TER EN CONTA NO RELATIVO AS ACS (2/2)

Resulta de interese observar o establecido nos artigos, 4º.10, 5º e 7º da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO na CCAA de Galicia.(DOG do 7 de xaneiro de 2008).

- Artigo 4º.10. Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.
- Artigo 5º.-Avaliación do ANEAE. 1. A avaliación do ANEAE rexerase, con carácter xeral, polo disposto nesta orde. 2. Sen prexuízo do anteriormente indicado, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á ESO con ACS, de acordo co artigo 14.4º do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación **fixados nas adaptacións curriculares**.
- No relativo ao art. 7º Titulación xa se aclarou en diapositiva anterior (puntos 1, 2 e 8). En todo caso, hai que ter en conta que na LOMCE, para titular, o alumnado ten que superar a avaliación final da ESO pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas.

Tamén pode resultar de interese observar o establecido nos apartados 7 e 8 da Orde do 6/09/2007 de desenvolvemento e implantación da ESO LOE e tamén o establecido no RD 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico ESO e BAC.(BOE 3 de xaneiro de 2015) (currículo e atención á diversidade na ESO)

Currículo e atención á diversidade LOE_LOMCE na ESO.doc

20

COMO SE PODE AFRONTAR A PROGRAMACIÓN DUNHA ACS EN NIVEIS LOMCE DE EP IMPLANTADOS. MODELO E PROPOSTA.

Ver e explicar contido de TáboasPD_ACS niveis -EP-LOMCE_versMGF2014-1212

- Táboa0_Obxectivos etapa_obxectivos específicos adaptados á ACS
- Táboa1_EA adaptadoEP1
- Táboa1_EA adaptadoEP3
- Táboa1_EA adaptadoEP5
- Táboa2_contidos_actividades adaptadasEP1
- Táboa2_contidos_actividades adaptadasEP3
- Táboa2_contidos_actividades adaptadasEP5

- O modelo ten como finalidade facilitar a concreción dos aspectos básicos da PD
- As táboas están xa formateadas, partindo do currículo de cada nivel, na liña do que xa se propoñía para realizar a PD xeral/estándar de cada nivel, se ben aquí están adaptadas para PD_ACS
- A PD_ACS noutros aspectos distintos dos elementos que figuran nas táboas, realízanse conforme xa se viña facendo, xa que se trata de decisións de tipo metodolóxico-organizativo que non se ven afectados polas cuestións de currículo LOMCE, polo que a forma de completar a PD é a que xa se viña empregando en calquera outra programación, coa particularidade que neste caso, as decisións ou orientacións de tipo metodolóxico, de procedementos de avaliación, etc, se deben referir ao alumno/a para o que se concreta a ACS de forma específica.

21

XESTIÓN DE POSIBLES CAMBIOS OU MESMO A CANCELACIÓN DUNHA ACS

- Deben realizarse en base ao seguimento trimestral (ver MD que se propón) en base á evolución do grao de consecución de obxectivos, resultados de aprendizaxe e competencias básicas, por parte do alumno/a na ACS autorizada e graos de dominio ou evidencias de mellora ou inadecuada evolución con respecto ao previsto do DACS correspondente, etc.
- Debe procederse de forma motivada, do mesmo xeito que se levou a cabo a correspondente autorización, se ben no caso da cancelación é necesario actuar co máximo rigor dada a natureza desta decisión ao estar cancelando ou substituíndo unha medida extraordinaria e ante unha situación pouco frecuente que require unha clara motivación consensuada no equipo docente.

Ver comentar brevemente os seguintes modelos: MD_autoriz ACS e seguimento trimestral

22

3.- O CONSELLO ORIENTADOR NA ESO

Ref.Norm. RD 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do BAC. (BOE 3 de xaneiro)

- O **Consello orientador**, xa se entregará en 1º e 3º curso do 2015-16 e entendemos que deberá de dispoñerse dun modelo ao igual que de forma provisional se fixou para a FPB, se ben, o dito modelo, poderá ter modificacións e mesmo axustes posteriores en base a razóns de necesidade, oportunidade, etc.
  - As referencias no citado RD ao respecto do Consello Orientador, podémolas observar no seguinte articulado: art Art.22. 7 Promoción; DA 6ª, punto 1. Documentos oficiais de avaliación; DF 1ª, punto 3. Calendario de implantación.
  - Ao finalizar cada un dos cursos académicos da ESO entregarase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluirá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, ao alumno ou alumna, do itinerario máis adecuado a seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento ou a un ciclo de FPB.

Ver arquivo:Ref ao Consello Orientador e Calend-aplic RD1105-2014 Curric-básicoESO-BAC.pdf

23

4.-AVALIACIÓNS
EP3, Final de Primaria; Final da ESO e Final de BAC.

AVALIACIÓN DE 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (Art. 12.7 do Decreto 105/2014):

- Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada ao alumnado ao rematar o 3º curso de EP,
  - segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición de competencias en comunicación lingüística e da competencia matemática.
- De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas.
  - Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.
- Está previsto que esta avaliación se realice por primeira vez antes de finalizar o curso 2014-2015.

24

AVALIACIÓN FINAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA (Art. 17.8 do Decreto 105/2014):

- A avaliación final de EP realizarase ao rematar 6º de EP,
  - na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias en ciencias e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.
- O MECD establecerá os criterios de avaliación e as características xerais da proba para todo o sistema educativo español co fin de asegurar uns criterios e características de avaliación comúns a todo o territorio.
- O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe,
  - que será entregado ás familias e que terá carácter informativo e orientador para o centro no que o alumno cursou 6º de educación primaria e para o que curse 1º da ESO.
- A avaliación final de educación primaria non terá efectos académicos,
  - pero servirá para coñecer se o nivel obtido por cada alumno ou alumna é o adecuado ou se resulta conveniente aplicarlle algunhas medidas de atención á diversidade.
- A primeira avaliación final de educación primaria realizarase no curso 2015-2016.

25

AVALIACIÓN FINAL DA ESO (Art. 21 do RD 1105/2014).

- Contémplanse 2 opcións: opción de ensinanzas académicas e opción de ensinanzas aplicadas.
- Poderá presentarse a esta avaliación o alumnado que obtivera avaliación positiva en todas as materias, ou ben avaliación negativa nun máximo de 2 materias, sempre que non sexan lingua castelá e literatura e matemáticas. A lingua cooficial terá a mesma consideración que a lingua castelá e literatura.
- O MECD establecerá para todo o sistema educativo español as características das probas, deseñaraas e establecerá o seu contido para cada convocatoria.
- O alumnado poderá realizar a avaliación por calquera das dúas opción, con independencia da opción que elixira en 4º da ESO, ou por ambas opcións na mesma convocatoria.
- Será necesaria a superación da avaliación final para obter o título de graduado en ESO.
- A cualificación final da ESO terá a seguinte ponderación: 70% da media das cualificacións numéricas de cada materia cursada na ESO; 30% da nota da avaliación final.
- En caso de que se obteña o título de graduado en ESO pola superación da proba de maiores de 18 anos, a cualificación final da ESO será a obtida en dita proba.
- A primeira avaliación final da ESO realizarase no curso 2016-2017 e non terá efectos académicos.
- A partir do curso 2017-2018 a avaliación final da ESO terá efectos académicos.

26

AVALIACIÓN FINAL DE BACHARELATO (Art. 31 do RD 115/2014)

- O alumnado realizará unha avaliación individualizada ao finalizar bacharelato, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:
  - Todas as materias xerais cursadas no bloque de asignaturas troncais. No suposto de materias que impliquen continuidade terase en conta só a materia cursada no 2º curso.
  - Dúas materias de opción cursadas no bloque de asignaturas troncais, en calquera dos cursos. No suposto de materias que impliquen continuidade terase en conta só a materia cursada no 2º curso.
  - Unha materia do bloque de asignaturas específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa educación física nin relixión.
- Só se poderá presentar á avaliación final de bacharelato o alumnado que obtivera avaliación positiva en todas as materias.
- O MECD establecerá para todo o sistema educativo español as características das probas, deseñaraas e establecerá o seu contido para cada convocatoria.
- A cualificación final do bacharelato terá a seguinte ponderación: 60% da media das cualificacións numéricas de cada materia cursada no bacharelato; 40% da nota da avaliación final.
- A primeira avaliación final de bacharelato realizarase no curso 2016-2017. Non terá efectos académicos. Non será necesario superala para obter o título de bacharel, aínda que se terá en conta para o acceso á Universidade.
- A avaliación final de bacharelato que se realice a partir do curso 2017-2018 terá efectos académicos.

27

5.-FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

REQUISITOS DE ACCESO Á FPB CON CARÁCTER XERAL.

- Cumprir 15, 16 ou 17 anos no ano de inicio do programa (despois de completar grupo con este alumnado pode escolarizarse alumnado de 18, 19 ou 20 anos).
- Ter cursado 3º da ESO ou, excepcionalmente, 2º.
- Ser proposto polo equipo docente ao pai, nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de FPB.
- Consentimento dos pais, nais ou titores legais.
- Criterios de adxudicación de prazas (criterios de **prioridade**):
  a) Alumnado que teña cursado 2º da ESO.
  b) Alumnado que teña cursado 3º da ESO.
  c) Alumnado que teña cursado 4º da ESO.
  - Dentro de cada grupo ordenado por idade.
  - Desempate:
    - Favorecer o fomento das vocacións en áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes.
    - Letra anual do sorteo para a escolarización en EI, EP, ESO e Bacharelato.

O nº máximo de alumnos/as por grupo son 20 e o alumnado con NEE conta dobre.

Reservarase o 10% das prazas para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade (art. 6.2 da Ord. 14/08/2014).

28

CICLOS DE FPB PARA O ALUMNADO CON NEE

A Orde do 5/08/2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB 2014/15 (DOG do 13 de agosto), contempla os ciclos de FPB para ANEE, no cap. IV.

- O alumnado con NEE que curse un ciclo formativo da FPB incorporarase, con carácter xeral, co resto do alumnado.
- Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico:
  a) Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
  b) Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.

29

A ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO DE FPB

Alumnado que non foi admitido no centro solicitado. Xestión deste procedemento e casuísticas de alumnado que non foi proposto en prazo pero que pretende realizar un ciclo de FPB.

- Os non admitidos polo centro, remítense á Comisión de Escolarización e no seu defecto, á insp. educativa para asignarlle outra praza nun ciclo de FPB, preferentemente no mesmo concello e na medida do posible, nun perfil equivalente.
- No curso 2014-15, as solicitudes formuláronse nun único ciclo e centro, aspecto este que dificulta a adxudicación subsidiaria por parte da Comisión de Escolarización (hai intención de modificalo no vindeiro curso).
- Tamén no actual curso se produciron algúns abandonos, baixas e especialmente solicitudes de retorno á ESO, mesmo ao pouco tempo de comezar o programa. A normativa non contempla os ditos retornos, especialmente cando xa o alumnado ten a idade de escolarización obrigatoria cumprida.
- Convén clarificar quen realiza a proposta para un ciclo de FPB, mesmo nos casos en que non é preceptivo o consello orientador, xa que hai solicitantes que fóra de prazo,veñen á inspección educativa e ás comisións de escolarización pedindo praza en FPB que ten vacantes pero sen ningún filtro.
- Á vista da experiencia ao longo do actual curso, faise necesario mellorar a toma de decisións e mesmo o consello orientador á hora de propoñer alumnado para a FPB e mesmo tamén a oferta dos centros.

30

PROGRAMAS DE FPB PARA O ALUMNADO CON NEE (1/2)

Artigo 20 da ORDE 5/08/2014. Programas formativos de FPB para alumnado con NEE.

- Os alumnos e as alumnas con NEE poderán cursar **programas formativos adaptados** ás súas necesidades que lles permitan dar continuidade á súa traxectoria académica ou profesional, **nos centros educativos que a Consellería con competencias en educación autorice.**
- Os programas formativos terán unha duración dun curso académico.
- Estes programas inclúen MP de títulos profesionais básicos e outros módulos de formación apropiados para a adaptación ás súas necesidades. Esta formación complementaria seguirá a estrutura modular e os seus obxectivos estarán definidos en resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos.
- Os programas formativos incluirán os seguintes MP de títulos profesionais básicos:
  a) Módulos asociados ao bloque común: Comunicación e sociedade I, e Ciencias aplicadas I.
  b) Módulos asociados a unidades de competencia recollidos no anexo III para cada un dos programas.
- A duración mínima de cada un dos módulos será a establecida nos currículos básicos establecidos no RD 127/2014, do 28 de febreiro, e no RD 356/2014, do 16 de maio.
- **Os centros educativos autorizados** para impartir programas formativos poderán solicitar á Consellería con competencias en educación a inclusión doutros módulos.

31

PROGRAMAS DE FPB PARA O ALUMNADO CON NEE (2/2)

- Así mesmo, os programas formativos incluirán a unidade formativa de FCT.
  - Esta unidade formativa incluirá soamente os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación do MP de FCT do título profesional básico correspondente que estean asociados aos resultados de aprendizaxe dos módulos incluídos no programa formativo. A duración mínima da unidade formativa de FCT será de 160 horas.
- Aos programas formativos de FPB seralles de aplicación o regulado no capítulo III desta orde. (**Ordenación académica das ensinanzas, arts 10 a 17)**
- A relación de programas formativos reflíctese no anexo III da citada ORDE 5/08/2014

Programas formativos para anees_FPB.pdf

32

PODEN REALIZARSE ACS NA FPB?

- Nos **ciclos de FPB** non hai ACS, nin nos módulos asociados aos bloques comúns, si hai adaptacións do currículo e medidas de atención á diversidade. Pode haber flexibilizacións.

  En todo caso, hai que garantir o principio/dereito de accesibilidade universal nas mesmas condicións que na FP de grao medio ou superior ou doutros programas de formación profesional, polo que nos módulos específicos de FPB debe terse en conta, xa desde a programación didáctica pero tamén á hora de aplicar os procedementos e instrumentos de avaliación adaptados.
- O artigo 20º da ORDE do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB en 2014/15 (DOG do 13 de agosto), **establece nos puntos 8 e 9 o seguinte, para os programas de FPB**:

  8. Ao alumnado matriculado en programas formativos seralle de aplicación a flexibilización modular regulada no artigo 19.

  *9. Nos módulos asociados aos bloques comúns **poderanse establecer as adaptacións curriculares necesarias** para atender as necesidades educativas dun alumno ou dunha alumna.*

33

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE FLEXIBILIZACIÓN MODULAR EN FPB

1. Comezado o curso e realizada a avaliación inicial, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle achegar a seguinte documentación:
   - Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO ou polo DIOP (no caso de CIFP) en colaboración co profesor ou a profesora que exerzan a titoría.
   - Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen teña asignada a representación legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
   - Fotocopia compulsada do expediente académico.
   - Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas, no caso dunha temporalización e distribución distinta á xeral, ou proposta de desenvolvemento curricular de cada módulo en máis dun ano, no caso da fragmentación por cursos e, de ser o caso, de medidas de reforzo educativo ou de adaptación do currículo dentro dos límites previstos na normativa vixente.
2. A inspección remitirá toda a documentación, xunto co seu informe, á Xefatura Territorial (XT), a quen lle corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización. Por iniciativa tanto da inspección como da XT, poderáselle requirir ao EOE a elaboración dun informe complementario ao respecto.
3. Prazo: ata o 31 de outubro de cada curso académico. A resolución da autorización comunicarase ao centro no prazo dun mes, para a súa comunicación á persoa interesada.
4. Para os efectos de rexistro nas actas de avaliación: con PC (pendente de cualificar) nos módulos en que non corresponda a súa cualificación.

34

TRASLADOS DE MATRÍCULA EN FPB E/OU RETORNOS

Algunhas aclaracións ao respecto de posibles TRASLADOS DE MATRÍCULA EN FPB E/OU RETORNOS que se solicitan despois para regresar á ESO por diversas causas, etc.

- O criterio actual da Consellería, é que non está previsto nin se contempla o retorno do alumnado de FPB á ESO.
- Tamén é necesario clarificar determinadas cuestións sobre posibles traslados de matrícula. En todo caso, os traslados de matrícula están previstos no punto 2 do artigo 13º da ORDE do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB no curso académico 2014/15. (DOG do 13 de agosto), coa seguinte indicación "2. Os traslados de matrícula na formación profesional básica rexeranse polo capítulo V da Orde do 12 de xullo de 2011".

  Ref_norm escolarizFPB.pdf

Normativa a ter en conta no proceso de admisión de FPB:

- DECRETO 107/2014, artigo 15, puntos 4 e 5 e Disposición derradeira primeira, punto 4
- ORDE do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB 2014/15. (DOG do 13 de agosto), art.14º): d)
- ORDE do 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de FPB e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15 (arts. 3 e 4)

35

6.- INFORMACIÓN E PARTICIPACION DAS FAMILIAS

COPIA DA ACS ÁS FAMILIAS?

Inicialmente, copia da programación non pero si hai que informar do seu contido e mesmo darlle acceso ao documento de ACS e tamén á PD de cada área adaptada, para dar resposta aos aspectos do dereito de participación e colaboración das familias.

Teñen dereito a copia do Informe Psicopedagóxico, incluído o informe do EOE e acceso, fundamentalmente, aos informes psicopedagóxicos dos seus fillos/as.

Hai indicacións que reflicten que os pais teñen dereito a ver de todo o expediente do alumno (sentenzas xudiciais, Valedor do Pobo, Axencia Nacional de Protección de Datos e Decreto 229/2011).

Sen prexuízo dun desenvolvemento normativo posterior, o Decreto 229/2011, dispón no artigo 35.2 que

- "As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a Consellería con competencias en materia de educación".

36

PROCEDEMENTO PARA FACILITAR COPIA DO INFORME PSICOPEDAGÓXICO

Para facilitar aos pais/nais copia do informe psicopedagóxico na práctica realízase de acordo co seguinte procedemento:

- Os pais/nais ou titores solicitan no centro educativo copia do informe psicopedagóxico.
- O centro educativo entrégalles copia do informe e quedan con constancia do "recibín" na secretaría do centro.
- No caso dos informes dos EOEs a entrega realízase tamén a través do centro educativo.

37

Ref. MÁIS SALIANTABLES NO CURRÍCULO LOMCE DE EP (Decreto 105/2014):

Nas programacións didácticas do centro concrétase:

- A participación de pais, nais e titores/as legais no proceso educativo (art. 7º do Decreto 105/2014)
- Medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, as estratexias e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

No relativo a autonomía dos centros docentes (art.6.4)

- Os centros docentes promoverán, ademais, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

Participación de pais, nais ou das persoas que exerzan a titoría legal no proceso educativo. (art.7)

- De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da LO 8/1985 e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

38

PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.

Art. 8 do RD 1105/2014 _ESO e BAC- e Art. 7 do Decreto 105/2014 _EP

- De conformidade co establecido no art. 4.2.e) da Lei Orgánica 8/1985, reguladora do Dereito á Educación, **os pais, nais ou titores legais deberán**:
  - **Participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos ou tutelados,**
  - **Coñecer as decisións relativas á avaliación e promoción,**
  - **Colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros para facilitar o seu progreso educativo**,
  - **Ter acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se realicen aos seus fillos ou tutelados**,sen prexuízo do respecto as garantías establecidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

39

Ref. MÁIS SALIANTABLES NO CURRÍCULO LOMCE DE EP (Decreto 105/2014)

Avaliación (art 12.6):

- Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Titoría (art.17.3):

- É función das persoas titoras informar regularmente os pais, as nais ou persoas que exerzan a titoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

40

CONFORMIDADE DOS PAIS PARA A ACS, AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA, INTERVENCIÓN EOE, ETC.

En principio, as familias deberían estar informadas de todas as medidas de atención á diversidade que se apliquen cos seus fillos/as.

- No caso das medidas que a normativa expresamente indica que se precisa a autorización dos pais/nais (flexibilización da duración do período de escolarización, escolarización, incorporación a un PDC, incorporación á FPB, etc.) é preciso contar coa autorización por escrito dos pais/nais.
  - Nos demais casos é recomendable que quede constancia de que os pais/nais foron, cando menos, informados.
- No caso de realizar unha avaliación psicopedagóxica ou solicitar a intervención do EOE sería recomendable que quedara constancia escrita do consentimento dos pais/nais.

41

EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE SEPARACIÓN/ DIVORCIO

A- Información que temos que ter nos centros (sentenza, custodia, …)

- Nos expedientes dos alumnos de proxenitores separados/divorciados deberían figurar os acordos e as sentenzas de separación/divorcio, onde deberían constar a quen corresponde a custodia, patria potestade, réxime de visitas, etc.
- **Disposición adicional vixésimo terceira da LOE:**
  - Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa.
  - Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ao ambiente familiar e social, a características de condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aqueloutras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

B.- Se acoden ao centro para ver aos fillos/as …?

- Os centros educativos deberían recoller nas NOF e convivencia os criterios xerais para a recollida de todo o alumnado e das posibles visitas que os proxenitores poidan realizar ao centro educativo para recoller ao alumno (visita médica, etc.).
- No caso de separación ou divorcio podería existir un documento asinado pola persoa que ten a custodia indicando a persoa ou persoas autorizadas para recoller ao alumno/a (**se a custodia é compartida, asinarán os dous**)

42

/.... EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE SEPARACIÓN/ DIVORCIO

C.- Que documentación e a quen entregala? Procedemento? Tipos de informes?

- As familias teñen acceso fundamentalmente aos informes psicopedagóxicos dos seus fillos/as (sentenzas xudiciais, informes do Valedor do Pobo, Axencia Nacional de Protección de datos e Decreto 229/2011.
  - **Decreto 229/2011 (art. 35.2):** As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a Consellería con competencias en materia de educación.
  - **Valedor do Pobo, escrito do 17 de febreiro de 2011:** Deste precepto despréndese: o carácter confidencial dos datos, o acceso dos titulares da patria potestade á información escolar e a cesión de datos, incluídos os de carácter reservado.
- Con carácter xeral, os pais, nais ou titores legais teñen dereito a obter copia de informes psicopedagóxicos, así como outros informes (médicos, etc.), sentenzas xudiciais, de ser o caso, incluídos no expediente académico do alumno.

  En todo caso, ao respecto do documento de ACS, terán dereito de acceso, consulta e á información relativa ao seu desenvolvemento, etc, pero non necesariamente a copia do documento, a non ser, que se teña orde expresa.
- Procedemento: Deberán realizar previamente a solicitude ao centro por parte dos proxenitores e o centro quedar con constancia de ter entregada a documentación solicitada.

Ver arquivo con información complementaria ao respecto da escolarización no caso de familias con separación/divorcio: Algunhas cuestións observar no caso se separación_divorcio.doc

43

EN RELACIÓN AO ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS

Se o alumnado é maior de 18 anos e está escolarizado en calquera dos niveis ou etapas educativas (ESO, BAC, FP do sistema educativo),

debemos respectar a súa decisión no caso de que manifeste expresamente que se lle entregue a el persoalmente calquera información procedente do centro, cualificacións, etc. En caso contrario, as comunicacións escritas que procede efectuar desde o centro, inicialmente, poden ser remitidas á súa atención ao domicilio dos pais ou persoas que exercen a súa titoría legal, que conste no expediente do alumno/a.

Debe procederse do mesmo xeito, nos casos en que o motivo sexan comunicacións por sanción en base a condutas graves, absentismo, perda do dereito á avaliación continua, baixa de oficio, etc.

Se os pais nos requiren a dita información ou demandan explicacións do centro,

temos que informarlles que por desexo e indicación expresa do seu fillo/a (alumno/ado centro, maior de idade) non llela podemos proporcionar, agás que o dito alumno o autorice expresamente ou revogue o escrito no que fixo saber ao centro a súa anterior decisión.

En consecuencia,

calquera decisión será achegada e remitida polo procedemento e destino que indique o dito alumno/a maior de idade e que así conste no expediente ou en información recibida por el con rexistro de entrada no centro.

44

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NAS ACTUACIÓNS DESDE OS CENTROS, EN RELACIÓN COA IMAXE DE ALUMNADO MENOR

- Contar sempre coa autorización expresa dos pais ou persoas que exercen a titoría legal, para a utilización da imaxe do alumnado menor.
- Evitar situacións susceptibles de ser consideradas como discriminación ou mesmo da posible identificación do alumnado sobre o que non se dispón da citada autorización.
- Informar a pais e nais que asisten a actos no centro, especialmente, nos casos en que hai pais/nais que non deron consentimento para gravar e utilizar a imaxe dos seus fillos menores, que non poden sacar fotos nin gravar ou en todo caso, que non poden gravar a persoas distintas dos seus fillos. É responsabilidade da dirección do centro informar dos dereitos de imaxe en relación co establecido na Lei de Protección de Datos.
- Non se lle pode impedir ao alumnado menor, do que non se conta coa autorización de imaxe, acceder a actividades complementarias e extraescolares (non se pode discriminar, nin tampouco dar a coñecer de quen se trata, é dicir, non procede que os demais pais/nais os identifiquen).
- Prevalece o dereito individual ao respecto dos menores cuxos pais non deron autorización, sobre o dereito colectivo dos demais ao respecto da pretensión de realizar actividades nas que se queren sacar fotos do grupo, gravar a dita actividade na que apareza ou poida aparecer imaxe de alumnado menor que non ten manifestado expresamente a súa autorización, etc.

45

MD_Formularios AUTORIZACIÓN A FAMILIARES, DESPRAZÁNDOSE sos desde o centro ao domicilio familiar (vers-exemplo dun centro 2014-09-20)

Ver os seguintes arquivos en: MD_Autoriz familiares despraz_alum-sos2014-0920

- Instruc_declarac responsable2014-0920_v-mgf
- MD_Autoriz despraz ida-retorno ao colexio_alum só2014-0920-vmgf
- MD_Desclarac-responsable despraz-alum-só2014-0920_v-mgf

Comentar a súa xustificación, posibilidades de aplicación e xestión

46

Tramitación de PROTOCOLOS DE ABSENTISMO de alumnado ante o Concello, Inspección Educativa-XefaturaTerritorial e Fiscalía de Menores.

- Despois de xestionar as diferentes medidas e actuacións relativas ao absentismo escolar dun determinado alumno/a e rexistrando as actuacións nos diferentes modelos (Anexo I ao Anexo IX)
  - que establece o "Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia", xestionado en base ás instrucións do 31/01/2014 da DX de EFPIE, pode ser necesario dar traslado do dito expediente xunto co anexo X debidamente enchido e asinado pola dirección do centro, aos seguintes destinatarios:
    - Sr/a. xefe ou xefa do Servizo Territorial da Inspección Educativa de ...
    - Sr/a. alcalde ou alcaldesa do Concello de ...
- Este modelo emprégase cando o centro non foi quen de resolver a situación de absentismo ou mesmo, na necesidade de dar traslado, ben aos servizos sociais do concello a través da súa Alcaldía ou ben á Fiscalía de Menores, a través da Xefatura Territorial e con informe previo da inspección educativa.

47

Tramitación de PROTOCOLOS DE ABSENTISMO de alumnado ante o Concello, Inspección Educativa-XefaturaTerritorial e Fiscalía de Menores.

- A comunicación á Fiscalía de Menores a realiza o Xefe Territorial, logo do informe de inspección educativa en base ao establecido na seguinte normativa:
  - Artigo 6º da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE do 13 de xaneiro de 2000)
  - Artigos 12.2, 13.2 e 13.3 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e la Lei de Axuizamento Civil (BOE do 17 de xaneiro de 1996)
  - Asemade, no previsto nas instrucións do 31/01/2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar. Asemade, tamén se procede en base ás demais disposicións normativas que se reflicten no apartado "10. MARCO NORMATIVO SOBRE ABSENTISMO: RESUMO LEXISLATIVO" do protocolo.
- Desde a Xefatura Territorial e desde os Servizos sociais dos concellos, tamén se informa, se procede, aos servizos de menores dependentes da Consellería de Traballo en Benestar e, se procede, á Fiscalía de Menores.
- En todo caso, convén ter en conta o establecido no artigo 6º da Lei Orgánica 5/2000:

  "Corresponde ao Ministerio Fiscal a defensa dos dereitos que aos menores lles recoñecen as leis, así como a vixilancia das actuacións que deban efectuarse no seu interese e a observancia das garantías do procedemento...".

48

Tramitación de PROTOCOLOS DE ABSENTISMO de alumnado ante o Concello, Inspección Educativa-XefaturaTerritorial e Fiscalía de Menores.

Resulta especialmente relevante o que reflicte o apartado 6 do dito Protocolo:
NOTIFICACIÓN DOS INDICIOS DE DESPROTECCIÓN

Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do ***Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) https://rumi.benestar.xunta.es****.*

http://benestar.xunta.es/web/portal/notificacion-de-risco-e-maltrato

En todo caso ao respecto da tramitación que se insire na aliña f) do apartado 5.2.2. Tramitación do expediente, hai que observar o seguinte:

De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificarao ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno (ANEXO X), xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

Ver arquivos da carpeta “Protocolo_prev absentimo escolar e MD “ e en particular o“ANEXO X_Notificación do expediente de absentismo_Director-a”

Protocolo_prev absentimo escolar e MD

49

7.- PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DE ORIENTADORES/AS EN MATERIA DE CONVIVENCIA

En relación co decreto 8/2015, de CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN da comunidade educativa:

- Asesorar á comisión de convivencia e ao equipo directivo nas súas funcións.
- Colaborar na elaboración, implementación e avaliación do plan de convivencia do centro.
- Participar na detección de situacións de acoso escolar e aplicar, cando cumpra, o protocolo de acoso escolar.
- Elaborar e desenvolver programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado, especialmente do que presente condutas disruptivas.
- Elaborar e desenvolver programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, a educación afectivo-social e a igualdade entre homes e mulleres.
- Asesorar e colaborar na posta en marcha e no funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
- Asesorar e participar nas accións de mediación escolar.
- Asesorar e participar nos procedementos disciplinarios ao alumnado (procedemento conciliado e común).

50

Modelos empregados na xestión de PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS incoados ao alumnado. A intervención, asesoramento e información do DO.

Ver arquivos da carpeta: MD_ExpDiscipl_alum Lei 4_2011 -v mguerra2013-0408

Algúns aspectos máis salientables desde a posible intervención, asesoramento e información do DO.

- Información ao alumnado e familias ao respecto do plan de convivencia e normas de organización e funcionamento do centro.
- O rol do orientador en tomas de declaración a alumnado menor, en ausencia de pais ou persoa que exerce a titoría legal.
- Orientar á comunidade educativa e en concreto a titorías no relativo á xestión relacional co e entre o alumnado, especialmente, o que ven manifestando condutas disruptivas ou alterando de forma significativa a normal convivencia no centro.
- Orientar sobre a viabilidade de medidas correctoras na fase previa á resolución dun procedemento disciplinario incoado ao alumnado.

Coa publicación do Decreto 8-2015 desenvolve Lei 4-2011:

- Hai observar especialmente o establecido no seu art.40 ao respecto do procedemento a seguir nos casos de resolución de sanción con cambio de centro.
- É convinte contar co asesoramento/ criterio da XDO de cara valorar a viabilidade da aplicación da dita medida proposta con cambio de centro.

51

Grazas pola súa atención

mdb@edu.xunta.es
manuel.guerra@edu.xunta.es